

## A AGROINDUSTRIA ALIMENTARIA CUBANA. A SÚA IMPORTANCIA NAS FINANZAS INTERNAS E EXTERNAS

ROBERTO REMEDIOS FEBLES

Departamento de Desenvolvimento Económico  
Facultade de Economía  
Universidade da Habana

MERCEDES TATO RODRÍGUEZ

Departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Agroindustria; Tipoloxía industrial; Inserción económica; Finanzas.*

Key words: *Agroindustry; Industrial typology; Economic insertion; Finance.*

### Resumo

O proceso de desenvolvemento económico que ó longo de tres décadas levou a cabo o Estado cubano significou a aplicación de cuantiosos recursos materiais e humanos, lográndose algúns resultados que poden ser cualificados de moderados en relación coas magnitudes investidas, tal é o caso específico do sector industrial, onde as ramas azucreira, alimentaria e de bebidas e tabaco xeran preto do 50% do producto bruto industrial ata 1989.

O conxunto industrial alimentario do país conta con capacidades ociosas susceptibles de aproveitar nunha escala superior, adquirindo unha importancia estratéxica con vistas a solucionala aguda crise alimentaria e os fortes desbalances financeiros externos e internos e obtendo a aplicación dun conxunto de medidas organizativas e económicas que incentiven os diferentes chanzos do complexo agroindustrial alimentario.

Actualmente, atópanse en vías de implementación, por exemplo, a transformación da forma

de propiedade agraria, a creación de empresas mixtas orientadas á exportación e outras accións cuns resultados que comezan a percibirse áinda en forma tenue, pero que permite perfila-lo camiño que seguir.

No caso particular das diferentes ramas da agroindustria alimentaria onde se aprecian significativos índices de subutilización de capacidades, resultaría conveniente estudiar un posible redimensionamento delas consonte coas posibilidades efectivas do seu aproveitamento no curto prazo, a fin de maximiza-la eficiencia e operando naquelhas fábricas que garantan un mellor resultado económico sempre que iso sexa posible.

### Abstract

The economic development process carried out by the Cuban government for three decades has implied the utilisation of great human and material resources, thus obtaining some moderate results according to the amounts invested, as it can be seen in the specific case of the industrial sector, where sugar, food, beverage and tobacco

*industries account for about 50 % of G.D.P. till 1989.*

*The food industry system of the country has idle capacities liable to be exploited at a higher range, thus acquiring a strategic importance in order to solve the acute food crisis and the high external and internal financial disbalance, thus claiming the application of several economic and organisational measures to encourage the different steps of the food agroindustrial complex.*

*A change in agricultural property, the creation of joint ventures oriented to exportation and other actions are now being implemented with tenuous results but which have paved the way to be followed.*

*In the particular case of food agroindustry where indices of a poor utilization of capacities can be observed, it would seem convenient to study the resizing of those according with the effective possibilities of their utilisation in a short term, in order to maximise efficiency operating those factories which may guarantee a better economic result as far as it is possible.*

## **1. INTRODUCCIÓN**

O obxectivo do presente traballo ten como finalidade examinar algúns dos trazos máis importantes do desenvolvemento agroindustrial no azucréiro en Cuba, poñendo de manifesto a súa vinculación con aspectos medulares da economía cubana.

Para a consecución do noso obxectivo, centráremo-lo marco da análise nalgunhas ramas seleccionadas do sector agroindustrial alimentario, tales como a industria láctea, a industria cárnica e a industria de bebidas e licores; abordando os problemas de carácter estructural e a súa evolución en anos recentes, así como as cuestións asociadas á utilización das capacidades e a eficiencia económica na súa interrelación cos aspectos financeiros externos e internos.

A situación actual, altamente restrictiva, pola que atravesa a economía nacional, introduciu un nesgo impredicible no seu comportamento xeral, do que non está excluído ningún sector e que, no caso particular da industria agroalimentaria, se

confrontan problemas específicos que condicionaron severamente os niveis de actividade das ramas que o integran.

De tal maneira, as análises que se puideron conformar se concentran fundamentalmente nun horizonte temporal que abrangue ata finais dos 80, xa que os anos más próximos non son representativos dunha tendencia lóxica, tendo en conta as severas afectacións experimentadas a partir de 1990, dada a desaparición das nosas fontes tradicionais de suministros e financiamento externo.

Para lograrmos unha mellor comprensión das nosas ideas, estruturámolo traballo da seguinte forma: unha primeira parte dedicada a unha análise sintética dos trazos más xerais da evolución estructural da economía nacional, con particular referencia ó sector industrial; outro apartado incorpora a análise das ramas industriais en correspondencia con algúns criterios de clasificación; outro referido a unha análise más específica da agroindustria alimentaria non azucréira, incorporando a rama de bebidas, para o que se parte dun esbozo histórico do desenvolvemento destas producións a partir de 1959 e a súa evolución ata anos recentes, as súas capacidades, os principais problemas que afectaron ás distintas actividades, así como os seus vínculos coas finanzas internas e externas no momento actual. Finalmente, formúlanse un conxunto de conclusóns onde se resumen os aspectos más importantes e algunhas ideas en canto ás direccións posibles de traballo no futuro.

Un aspecto que limitou o alcance analítico do traballo foi a falta de información actualizada sobre os custos de produción, condicionando así a posibilidade de chegar a calcular determinados índices de eficiencia económica sobre bases reais.

Non obstante, a pesar diso nalgúns aspectos se presentan determinadas valoracións económicas, de acordo coa información disponible, tomando en consideración os resultados só como aproximación, debido ó anteriormente sinalado.

## **2. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNIS ACERCA DE ASPECTOS ESTRUCTURAIS ASOCIADOS Ó SECTOR INDUSTRIAL**

A transformación estructural da economía cubana, a partir do triunfo da revolución en

xaneiro de 1959, constituíu un proceso lento, difícil e custoso, cuns resultados que non poden considerarse totalmente satisfactorios, coa influencia de diversos factores esóxenos e, tamén, endóxenos. Entre os esóxenos, quizais o de maior influencia na escasa dinámica transformativa da estructura da produción foi a inserción de Cuba no Consello de Axuda Mutua Económica (CAME) do antigo campo socialista; en calidade de exportador de productos primarios (azucré e cítricos), dentro da concepción prevalecente nese órgano respecto á división internacional socialista do traballo, de tal maneira que Cuba continuou dependendo de forma acentuada da monoexportación azucreira.

A tese que avalaba a concepción prevalecente no CAME era a de aproveita-las vantaxes comparativas dos países membros no marco do desenvolvemento das relacións económicas recíprocas.

No caso de Cuba, co azucré, isto resultaba en aparenzia vantaxoso dado os altos prezos obtidos polas nosas exportacións neste asunto; pero iso, na práctica, provocou a conxelación no desenvolvemento doutras liñas dentro da propia industria azucreira, á vez que lle restaba atención á diversificación e á reconversión industrial, comprometendo os niveis de competitividade internacional e, xa que logo, as posibilidades de inserción de Cuba na economía mundial.

Cos cítricos aconteceu algo semellante, xa que o maior volume das exportacións de Cuba era en froitas frescas, a pesar de contar con capacidades industriais creadas dentro do propio programa CAME, e cunhas tecnoloxías que eran de procedencia capitalista e que permitían a industrialización das froitas, valorizando moito máis as exportacións cubanas.

En 1958, os ingresos en divisas por concepto de exportacións dependían en máis dun 80% das vendas do azucré; en 1989, esta dependencia era dun 74%. Con posterioridade, este índice debeu aumentar novamente ó descende-los outros produtos agropecuarios (tabaco e cítricos) e outros productos (reexportación de petróleo) (táboa 1).

Outro aspecto derivado das nosas relacións co desaparecido campo socialista, que influíu de maneira non favorable no desenvolvemento económico cubano, foi a adquisición de tecnoloxías anticuadas e pouco competitivas, que obstacu-

lizaron unha adecuada transformación estructural da economía, sobre todo do sector industrial.

	1958		1980		1989	
	MMP	%	MMP	%	MMP	%
Azucré e derivados	591,1	80,5	3320,2	83,7	3948,5	73,2
Minería	28,1	3,8	192,9	4,8	497,7	9,2
Tabaco	49,5	6,7	36,5	0,9	83,6	1,5
Pesca	5,7	0,7	90,4	2,2	128,8	2,3
Outros prod.agrop.	14,3	1,9	78,4	1,9	211,3	3,9
Outros productos	44,8	6,1	248,3	6,2	522,1	9,6
TOTAL	733,5	100	3966,7	100	5392	100

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

Táboa 1.- Total de exportacións (en millóns de pesos)

No marco interno, os factores que ó noso xuízo influíron máis na modesta resposta ó esforzo investidor son, entre outros, os seguintes:

— Carencia dunha estratexia de desenvolvemento integral e estable, acorde coa realidade nacional. Como resultado diso, ó longo de tres décadas foron formulados varios proxectos, cunhas magnitudes que excederon amplamente as capacidades organizativas e de xestión, o que implicou que, ás veces, os proxectos foran descontinuados ou abandonados coas conseguintes perdas económicas, nalgúns casos de gran magnitud.

— Xeneralizada falta de integralidade no proceso investidor, limitando a eficiente explotación das capacidades que se instalaron.

	1975	1980	1985	1989	Taxa de crecemento 89/75
En MMP	16513	19110	27070	27207	1,20

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

Táboa 2.- Dinámica do producto social global (PSG)

Con posterioridade a 1989, o PSG presentou unha tendencia decreciente como resultado do período especial; non están os seus valores publicados. Dende o punto de vista estructural, o PSG permaneceu con moi pouca variación no período analizado.

	1975	1985	1989
Industria	43,8	45	45,5
Construccións	7,5	8,6	9,6
Agropecuario	15,8	13,1	13,7
Silvicultura	0,4	0,4	0,5
Transporte	6,2	6,9	6,8
Comunicacións	0,6	0,9	1
Comercio	25,6	24,4	22,2
Outros	0,1	0,7	0,7
TOTAL	100	100	100

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

Táboa 3.- Estructura sectorial do PSG (en %)

Como se aprecia, o sector industrial mantiu sen variación o seu peso específico dentro do PSG, sobre todo nos últimos anos analizados. Nos restantes sectores é igualmente perceptible un certo grao de estatismo.

Entre 1980 e 1989, a taxa de investimentos da economía nacional foi do 14% como promedio anual, aproximadamente, alcanzando un importe total duns 37 millóns de pesos e, deles, uns 30 mil na esfera productiva, equivalente a un 80%, correspondéndolle ó sector industrial 13 miles de millóns de pesos, o 43% do investido nesta esfera (táboa 4).

ANO	PSG	TOTAL INVESTIM.	ESFERA PRODUCT.	INDUSTRIA
1980	19,1	2,7	2,2	1
1981	22,2	2,9	2,4	1
1982	23	3	2,5	1,1
1983	24,1	3,4	2,9	1,2
1984	25,9	4	3,3	1,4
1985	27,1	4,3	3,5	1,7
1986	27,4	4,3	3,5	1,5
1987	26,3	3,8	3	1,2
1988	26,9	4,1	3,2	1,4
1989	27,2	4,5	3,6	1,5
TOTAL	249,2	37	30,1	13
PA	24,9	3,7	3	1,3

PA: Promedio anual.

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

Táboa 4.- Relación investimentos PSG (mil MMP)

Non obstante, a contía financeira dos investimentos realizados no sector industrial a influencia na estructura ramal deste e non foi significativa, resaltando o peso específico de tres ramas: a azucreira, a alimentaria e a de bebidas e tabacos que, en conxunto, fornecen a metade da produción bruta industrial de todo o país, segundo pode comprobarse na táboa 5.

	1975	%	1985	%	1989	%
Total sector ind.	7061,7	100,0	12172,9	100,0	12373,7	100,0
Enerxía eléctrica	219,4	3,1	536,3	4,4	685,9	5,5
Combustible	505,4	7,2	542,4	4,5	648,6	5,2
Min.e met.ferro.	73,5	1,0	147,7	1,2	166,6	1,4
Min.e met.non ferrosa	91,6	1,3	144,5	1,2	176,9	1,4
Constr.maq. non eléctrica	262,6	3,7	946,6	7,8	803,1	6,5
Electr.e electrotécn.	51,5	0,7	180,8	1,5	202,0	1,7
Prod.metálicos	90,1	1,3	234,4	1,9	236,8	2,9
Química	505,9	7,2	714,5	5,9	709,4	5,7
Papel e celulosa	105,8	1,5	192,5	1,6	209,7	1,7
Gráfica	55,6	0,8	101,4	0,8	128,1	1,0
Forestal e elab. madeira	89,8	1,2	171,8	1,4	154,3	1,2
Mat.construc.	285,0	4,0	390,9	3,2	493,9	4,0
Vidro e cerám.	27,3	0,3	49,4	0,4	63,7	0,6
Téxtil	126,5	1,8	222,4	1,8	235,5	1,9
Confeccións	138,4	2,0	238,6	2,0	225,6	1,8
Coiro	125,9	1,8	161,9	1,3	129,7	1,0
Azucreira	1087,6	15,4	1494,6	12,3	1409,5	11,4
Alimentaria	1459,9	20,7	2287,9	18,8	2254,1	18,2
Bebid. e tabaco	1411,0	20,0	2567,7	21,0	2562,0	20,7
Pesqueira	134,0	1,9	310,6	2,6	260,6	2,1
Outras activ.	215,8	3,1	535,8	4,4	617,7	5,0

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

Táboa 5.- Estructura ramal da produción bruta industrial (en MMP)

Resulta interesante observa-la participación das ramas industria alimentaria e bebidas e tabacos no PSG que, en conxunto, xeran máis do 17% do producto social global.

Dende o punto de vista do valor agregado, como un criterio que permite ponderar macroeco-

nomicamente a productividade da industria, a través da relación valor agregado/producción bruta, atopamos que o total da industria nacional reporta un índice do 33% entre 1975 e 1989, mentres que a industria alimentaria só reporta o 19%, a azucreira o 15% e a de bebidas e licores o 33%. Outras ramas, como a de construcción de maquinaria non eléctrica, electrónica e productos metálicos, por exemplo, teñen índices entre o 50-55%.

### 3. CONSIDERACIÓNS SOBRE A TIPOLOXÍA INDUSTRIAL

Nos últimos anos, o desenvolvemento científico-técnico incorporou novas categorías e conceptos na metodoloxía de análise, relacionada co proceso de industrialización, a tecnoloxía, a especialización e a competitividade.

Para os efectos do presente traballo só tivemos en conta a clasificación das ramas de acordo con algúns criterios de tipoloxía industrial, tamén coñecida como taxonomía.

Para a consecución do noso obxectivo, optamos pola clasificación que ten en conta o contido ou densidade tecnolóxica. Un dos especialistas que fixo unha incursión recente neste campo é Kelly, que propón unha clasificación baseada no índice de densidade tecnolóxica, definindo esta como a relación entre os gastos en investigación e desenvolvemento (I+D) e os valores de producción. Segundo este autor, as ramas máis industriais agrúpanse en tres tipos: de alta, media e baixa densidade tecnolóxica (táboa 6). De acordo con ese criterio, as ramas agrúpanse como segue:

ALTA DENSIDADE	DENSIDADE MEDIA	BAIXA DENSIDADE
Aeroespacial	Automotriz	Mat. construcc
Maq. de oficina	Prod. químicas	Vidros
Computadoras	Maq. non eléctrica	Alimentaria
Electrot. e electrón.	Caucho e plástico	Bebidas e licores
Comp. electrónicos	Metais non ferrosos	Construcc. naval
Instr. e equipos electr.	Outras ind. manuf.	Refin. petróleo
Química fina		Metais ferrosos
Biotecnol. e farmacéut.		Prod. metálicos
		Papel
		Gráfica
		Madeira
		Mobles, téxtil e calzado

Táboa 6.- Clasificación das ramas industriais segundo Kelly

En correspondencia con este criterio, o conxunto industrial cubano caracterízase polo promedio de ramas de baixa densidade tecnolóxica, as que representan un 70% do total en 1989. O ulterior desenvolvemento das ramas biotecnolóxica e farmacéutica, malia abrir unha perspectiva nas ramas de alta densidade, áinda non teñen un peso significativo na economía.

Este enfoque permite avala-lo apuntado con anterioridade con relación á debilidade estructural do sector industrial en Cuba.

Sen que poidamos confirmar cuantitativamente a continuación desta tendencia en anos recentes, é posible inferir, cando menos con carácter estimativo, que con posterioridade a 1990 este trazo pode verse acentuado, como resultado das fortes restriccións financeiras que obligaron a paralizar unha parte significativa das capacidades industriais do país en ramas de alta e media densidade tecnolóxica.

Non obstante, esta apreciación do conxunto industrial só debe asumirse como unha aproximación e non de forma absoluta, xa que na práctica existen ramas que xeran baixos gastos en investigación e desenvolvemento, por exemplo, na propia industria alimentaria e, sen embargo, son usuarios dos adiantos científico-técnicos que se xeran noutras ramas, como construcción de maquinaria non eléctrica e a química.

Existe outro criterio de clasificación industrial que, polo seu interese, cremos conveniente aplicar no presente traballo e que é o desenvolvido por Pavitt, igualmente baseado no contido tecnolóxico. Segundo a este autor, as ramas industriais clasifícanse en catro grupos:

1) *Baseadas na ciencia*: Caracterízase por unha alta densidade en investigación e desenvolvemento, xerando innovacións tecnolóxicas que poden ser aproveitadas por outras industrias. Son actividades productoras de bens modernos de elevado dinamismo tecnolóxico, como fabricación de computadoras, equipos tecnolóxicos de alta complexidade, telecomunicacións, produtos químicos complexos e produtos farmacéuticos.

2) *Provedores especializados*: Neste grupo sitúanse as industrias productoras de bens de capital sendo, á vez, usuarias e xeradoras de innovacións tecnolóxicas.

3) *Intensivas en escala*: Son, en xeral, as industrias de procesos continuos, productoras de equipos electrodomésticos e outros bens de con-

sumo duradeiros. A súa característica principal está dada pola aplicación de tecnoloxías de capital intensivo, con forte vixilancia das economías de escala.

4) *Dominado polos provedores:* Está integrada por industrias manufactureiras tradicionais, productoras de bens de consumo non duradeiros e materiais non metálicos. As súas principais características están dadas por unha baixa densidade de investigación e desenvolvemento, son usuarias de tecnoloxías xeradas noutros grupos e as tecnoloxías que utilizan polo xeral están altamente difundidas, sendo á vez dependentes dos provedores de materias primas.

De acordo con esta clasificación, as producións da industria alimentaria e de bebidas clasifícanse nos dous últimos grupos (táboa 7):

INTENSIVAS EN ESCALA	DOMINADAS POLOS PROVEORES
Pasteurización do leite	Industrias cárnicas
Leite en conserva e en polvo	Queixos, xelados e outros produtos lácteos
Froitas e legumes en conservas	Moenda de trigo, beneficio de arroz e outros
Aceites vexetais	Panaderías, docerías, bebidas alcohólicas e viño
Azucré	Beneficio de tabaco e torcedura do mesmo
Galletas e pastas alimenticias	
Cervexas, malta e refrescos	
Cigarros	
Café soluble	

Táboa 7

Se se ten en conta o sinalado no apartado anterior en canto á participación da industria azucréira, alimentaria, bebidas e tabaco na creación do producto bruto industrial do país (50%), é posible apreciar dende outro ángulo o formulado respecto á estructura ramal do sector industrial.

#### **4. A AGROINDUSTRIA ALIMENTARIA EN CUBA**

##### **4.1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS E A SÚA EVOLUCIÓN NO PERÍODO REVOLUCIONARIO**

A fins do século XVI, xa estaban definidos os trazos esenciais que haberían de caracteriza-lo

inicio da economía cubana. O tabaco e o azucré foron os seus alicerces más estables. Antes, multiplicárase de forma precaria a gandería, a minería, a agricultura de subsistencia, a silvicultura e outras actividades. Os países subdesenvolvidos que emprenden a senda do desenvolvemento económico teñen que enfrentar, ademais dos problemas creados pola dominación estranxeira, as dificultades impostas por modelos económicos carentes de integralidade e dependentes tecnoloxicamente.

A revolución cubana non foi unha excepción. Dende hai máis de trinta anos, Cuba veu desenvolvendo a súa economía baixo o rigor dun férreo bloqueo permanente imposto polos Estados Unidos de América. A pesar desas condicións adversas, o goberno revolucionario emprendeu un vasto plan de desenvolvemento económico do país, para o cal debeu adecua-las instalacións industriais de tecnoloxía capitalista e crear unha nova rede de industrias a todo o longo e ancho do país.

O desenvolvemento industrial realizouse a partir da reconstrucción e modernización das empresas existentes antes do triunfo da revolución e a posta en marcha de novas capacidades, aproveitando no fundamental as condicións das que o país puido dispoñer durante os anos que integrrou o desaparecido CAME.

En liñas xerais, a industria alimentaria canda o triunfo da revolución presentaba similares características cá maioría das industrias do país, pequenas industrias manufactureiras con vellas tecnoloxías que marcaron a tónica da actividade e que se concentraron fundamentalmente na capital da Habana.

O maltrato estado da maior parte das súas instalacións requirían atención urxente. Despois de 1959, acométense un importante plan de racionalización e concentración da producción, dándose inicio a un inxente proceso investidor, a través do cal se ampliaron e crearon novas capacidades, en correspondencia principalmente cos plans de desenvolvemento agropecuarios trazados a partir de 1965 na industria cárnic e láctea.

Na rama de bebidas e licores, igualmente foron incrementándose as capacidades de maneira significativa.

Así, o país conta hoxe cun importante grupo industrial alimentario que, aínda que non en tódalas cousas, está equipado con tecnoloxía pun-

ta, se permite afrontar volumes de producción superiores ós alcanzados nos anos de máxima producción dentro do período revolucionario.

Na industria láctea, as capacidades hanse más ca quintuplicado con respecto á existente antes de 1959.

Na industria cárnica tamén é perceptible un significativo incremento das capacidades, principalmente na de sacrificio de gando porcino e producción de carne en conservas.

A ampliación dos combinados cárnicos existentes e a incorporación de novas instalacións nesta rama permitiu, praticamente, máis ca duplica-las capacidades en comparación coas disponíbeis en 1959.

Na rama de bebidas e licores remodelouse e ampliouuse a industria cervexeira, incorporándose dúas novas fábricas. Na producción de ron, tamen foi incrementada a capacidade, principalmente a partir da posta en explotación da roneira Havana Club.

PRODUCCIÓN	CRECIMIENTOS (VECES)
Leite fluido	4,8
Leite evaporado	3,9
Xelados	9,2
Queixos	3,7
Iogurt	202,0
Carne de porco en banda	7,9
Carne en conservas	3,6
Bebidas alcohólicas nacionais	3,8
Cervexa	3,7

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

Táboa 8.- Crecemento das producións seleccionadas dende os primeiros anos da revolución ata 1989

Dende os primeiros anos da revolución, unha das prioridades fundamentais do desenvolvemento económico e social foi, e é aínda nos nosos días, a elevación dos índices nutricionais da poboación, como parte esencial do aumento do nivel de vida.

En correspondencia con este propósito, ó longo de tres décadas formuláronse numerosos proxectos e plans de desenvolvemento agropecuarios ata o recente programa alimentario, asociado ós cales se implementou o desenvolvemento e o crecimiento da industria alimentaria.

Sen embargo, as solucións ó problema alimentario da poboación non puideron coroarse co éxito en tódolos casos. Factores organizativos, falta de integralidade no proceso investidor, superposición de criterios administrativos ós económicos, desatención dos aspectos vinculados á eficiencia e debilidades nas relacións de cooperación entre a agricultura e a industria foron as causas fundamentais que provocaron que as metas orixinais quedaran en ocasións por debaixo das expectativas (táboa 9).

PRODUCCIÓN	UM	1963	1981/85	1986/90	1991
		(1)	(2)	(3)	(4)
Leite fluido	MT	147,1	686,5	692,2	645,0
Leite evaporado	MT	5,3	21,0	21,6	22,3
Xelados	MMGL	2,5	20,2	22,4	19,3
Queixos	MT	4,3	12,1	15,7	10,3
Iogurt	MT	0,3	52,0	58,6	59,0
Carne de porco en banda	MT	8,0	45,9	62,8	46,4
Carne en conservas	MT	18,7	53,4	64,5	46,5
Bebidas alcohólicas nacionais	MML	12,5	33,1	43,77	55,5
Cervexa	MML	89,1	251,8	321,4	303,7
	(2)/(1)	(3)/(2)	(4)/(3)		
Leite fluido		4,66	1,01	0,93	
Leite evaporado		3,96	1,02	1,03	
Xelados		8,08	1,11	0,86	
Queixos		2,81	1,30	0,66	
Iogurt		173,3	1,13	1,01	
Carne de porco en banda		5,7	1,37	0,774	
Carne en conservas		2,8	1,21	0,72	
Bebidas alcohólicas nacionais		2,6	1,31	1,27	
Cervexas		2,8	1,28	0,94	

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

Táboa 9.- Evolución das principais producións

Isto implicou que para mante-los altos e crecientes consumos de alimentos cunha evolución que manifestou unha tendencia ascendente ata finais dos oitenta, no que se incrementou nun grao relevante a importación de alimentos, se estableceu un nocivo nivel de dependencia do comercio exterior, facendo vulnerable o noso sis-

tema alimentario, como se pode observar na táboa 10. Esta táboa permite comproba-la progresiva elevación destas importacións, cuns valores que chegan a quintuplicarse no período analizado. A finais dos oitenta, a alimentación da poboación chegou a depender en preto dun 50% do suministro externo.

	1965	1970	1975	1980	1985	1989
Cárnicos	5,4	18,8	50,1	60,7	106,1	116,3
Lácteos	24,8	37,5	63,7	67,8	84,7	84,0
Peixe	5,6	13,3	31,2	27,1	53,8	41,5
Arroz	40,2	37,7	776,9	771,6	92,6	65,4
Cereais	101,9	103,2	294,3	378,7	445,6	384,2
Fabas	10,7	19,1	36,2	45,6	53,6	54,8
TOTAL	181,5	262,2	594,8	746,1	889,2	925,3

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

**Táboa 10.- Importacións de alimentos**

Ó examina-la evolución das producións obxecto da análise, ponse de manifesto o descenso experimentado a partir de 1990, coa excepción das carnes en conserva, que lograron recuperalo nivel do período 1986-1990 sobre a base dun maior emprego da soia como sucedáneo da carne.

Na práctica fanse evidentes determinadas incompatibilidades na concepción do desenvolvemento destas ramas industriais, denotando desbalances entre a oferta agropecuaria e as capacidades de importación de materias primas coas expectativas productivas que serviron de base para o seu desenvolvemento investidor.

A produción leiteira estancou virtualmente no decenio dos oitenta e a importación de leite en po mantívose igualmente en niveis máis ou menos constantes ata anos recentes nos que comezou a medrar polo descenso da oferta agropecuaria (táboa 11).

	UM	1981	1989	1990
Entregas de leite á industria	MT	743,0	761,5	683,5
Importación de leite en po	MT	39,5	36,0	45,0

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

**Táboa 11.- Dinámica da importación e a produción de leite**

Na industria cárnica a oferta de gando vacún presentou unha tendencia decrecente no mesmo período mentres que a gandería porcina ascendeu ata 1989 para despois descender en forma progresiva (táboa 12).

ENTREGA A SACRIFICIO EN PÉ	UM	1981	1989	1990
Gando vacún	MT	281,5	275,5	252,5
Gando porcino	MT	61,5	93,1	83,8

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

**Táboa 12.- Entregas ó Estado en producción cárnica**

Polo que respecta á rama de bebida e licores, a produción de ron viuse restrinxida principalmente pola entrega de meles para a destilación (materia prima fundamental) en tanto que a cervexa se limitou pola importación de malta, sendo as fontes de subministros as antigas Checoslovaquia e a RDA (táboa 13).

ENTREGA DE MELES Á INDUSTRIA	UM	1981	1989	1990
Roneira	MT	144,0	275,5	252,5
Importacións de malta	MT	35,0	46,0	25,0

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

**Táboa 13.- Actividade da rama de bebidas e licores**

A industria do ron precisa máis de 200 miles de toneladas de mel para operar a plena capacidade e a cervexa unhas 60 mil toneladas de malta.

Aínda que as proxeccións de produción e importación tomadas como referencia para a creación de capacidades resultaron, tal vez, algo optimistas, non pode desestimarse tampouco un certo sobredimensionamento das instalacións, aspecto este non só presente nas ramas obxecto da análise senón tamén noutras ramas industriais que, en liñas xerais, gravitou desfavorablemente na eficiencia operacional da industria creada pola revolución.

De acordo co apuntado anteriormente con relación ás capacidades desta industria, o seu peso específico na produción bruta industrial podería ser moi superior de se cumpliren as proxeccións de produción agropecuarias e disposi-

to dun nivel maior de materias primas importadas.

A industria alimentaria sitúase no grupo das chamadas industrias de procesamento dentro do sector de bens de consumo que, polo xeral, alcanzan unha importancia relevante nos países de menor desenvolvemento económico.

A nivel internacional, a industria procesadora de alimentos está caracterizada pola presencia de numerosas empresas transnacionais que operan a grande escala con elevados volumes de vendas, como é o caso, por exemplo, da Nestlé e a Unilever, que marchan á cabeza mundialmente polos seus volumes de operacións nesta rama industrial. A base moderna deste complexo industrial está constituída polo chamado "agrobusiness", cun modo de operar que se sustenta na provisión de prezos baixos da materia prima agrícola e a súa revalorización posterior a través da industrialización, ofertando unha ampla gama de produtos. Segundo algúns cálculos e estudos realizados por entidades internacionais estimase que as dúas terceiras partes das ganancias pola venda dos productos agroindustriais quedan na industria e só unha terceira parte é recibida polos productores agrícolas. Malia estes trazos estructurais e problemas de explotación, a industria procesadora de alimentos en Cuba ten unha importancia transcendental, no plano social e político, que deriva de se-la provedora principal de alimentos para a poboación, aspecto este que constituí ó longo dos anos un problema de difícil solución e que, en anos recentes, se viu agudizado como resultado da caída nas producións agropecuarias e as dificultades financeiras externas.

## 5. INCIDENCIA NAS FINANZAS EXTERNAS

Non toda a nomenclatura de importación é susceptible de substitución por producción nacional, pero sen dúbida na producción de cárnicos e lácteos, o nivel de dependencia externa era factible de diminuír parcialmente ou eliminar na súa totalidade se os plans agropecuarios lograran os obxectivos propostos.

No caso dos grans (arroz e fabas), aínda que non son obxecto de estudio no presente traballo, tamén sería posible, cando menos, reduci-las importacións.

Resulta evidente que a recuperación dos niveis de actividade da industria agroalimentaria

adquieren unha transcendencia estratéxica nas actuais circunstancias, polas limitacións na capacidade de importación do país que, como é coñecido, se viu afectada nun 80%.

Só os productos cárnicos e lácteos representan actualmente a quinta parte das nosas importacións totais, cifras estas que de lograrse unha reactivación da producción poderían ser substituídas e, incluso, sobrepasadas. Sen embargo, a limitada oferta agropecuaria e insuficiente suministro de materias primas de importación condicionaron o nivel de aproveitamento das capacidades instaladas áinda nos anos de máxima producción gandeira e dispoñibilidades de recursos. Con posterioridade a 1990, esta situación acentuouse como resultado do período especial.

Un aspecto de obrigada consideración en calquera propósito de substitución de importacións é a determinación da eficiencia económica en divisas da producción nacional versus importacións. A tales fins utilizáronse as informacions sobre os custos de producción que foron elaboradas polos Ministerios da Agricultura e Industria Alimenticia, con vista ó perfeccionamento dos prezos maioristas de 1992. Como se explicou na introducción, unha debilidade destas informacions é que non están actualizadas de conformidade coas transformacións tecnolóxicas introducidas como consecuencia das restriccións financeiras nos últimos anos e que na gandería implicou unha reducción significativa no subministro de pensos, fertilizantes e outros productos, coas seguintes repercuśóns na eficiencia productiva, non realizándose áinda a súa medición. De acordo coa información disponible, as cifras de producción calculadas por ámbolos dous ministerios para as carnes e o leite industrializados son as que se recollen na táboa 14.

A partir da avaliación anterior, é detectable unha determinada ineficiencia nos tres índices; a súa magnitude pode verse acrecentada nos anos recentes como consecuencia dos problemas productivos que influíron nos rendementos pecuarios reflectidos nun menor peso por sacrificio e menos leite por vaca, pero, por outro lado, a situación alimentariado país require con urxencia a reactivación da producción nacional sobre bases racionais e moito más efectivas ata lograr no menor prazo posible un balance económico favorable, ó mesmo tempo, de maiores niveis de oferta.

*A agroindustria alimentaria cubana. A súa importancia nas finanzas...*

	CARNE DE VACÚN (1)		CARNE DE PORCO (2)		LEITE DE VACA (3)	
	Pesos	U\$	Pesos	U\$	Pesos	U\$
Custo agrícola	4192	2620	3307	2217	0,39	0,22
Custo industr.	316	90	129	32	0,04	0,02
Custo total	4506	2710	3436	2259	0,43	0,24
Prezos externos cif. hab. 1993		2100		2100		0,20
Ingresos divisas		(520)		(117)		(0,04)
Prezos externos cif. hab. 1989-93		2800		1960		0,20
Ingresos divisas		(90)		(299)		(0,04)

(1): Tm. Carne desosada; (2): Tm. Carne canal; (3): por litros.

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.


**Táboa 14.-** Indicadores económicos de producción para as carnes e leite industrializadas

Especificamente, na rama productora de bebidas existe unha potencialidade exportadora aínda non aproveitada integralmente. O mercado de bebidas caracterízase por unha alta competitividade e, especificamente, o de ron, por unha presencia oligopólica encabezada pola marca Bacardí como líder, que comercializa o 35% do producto a nivel mundial e que é, á súa vez, a marca de bebida que máis se vende no mundo. Duns 600 millóns de litros de ron que se comercializan anualmente no mercado mundial, 10 grandes marcas controlan o 55% do mesmo e 5 delas acumulan o 47% (figuras 1 e 2). Non obstante, segundo criterios de expertos e clientes, o ron cubano pode competir en calidade cos mellores rons do mundo dende o punto de vista da súa eficiencia económica, a exportación de ron é altamente rendible permitindo valorizar significativamente os meles finais obtidos da industria azucreira


Bacardí	35,2	Castillo	2,1
Pampero	3,2	Cacique	2,1
Santa teresa	3,2	Pott	1,4
Capitán Morgan	2,7	Lamb's	1,3
Negrita	2,4	Bondarbera	1,2

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

**Táboa 15.-** Comercialización mundial do ron (en %)



**Figura 1.-** Mercado mundial do ron. Producción e vendas



**Figura 2.-** Mercado mundial do ron. Principais consumidores

MILES DE PESOS	INGRESO NETO POR mil Tm MEL	INGRESO MARXINAL CONTRA MEL
Como mel final	46,8	
Como alcohol	61,6	14,8
Como ron	159,2	99,2

**Táboa 16.-** Comparación do ingreso obtido pola exportación de meles finais nas súas distintas variantes

O resultado anterior logrouse considerando os prezos de vendas do ron más baixos.

Existen capacidades dispoñibles, dominio da tecnoloxía e tradición de calidade que, adequadamente coordinadas, poden chegar a reportar ó país importantes ingresos en divisas. Segundo a información consultada, o prezo para diferentes calidades de ron oscila entre os 180 dólares americanos por hectolitro no Carta Prata ata os 334 dólares americanos por hectolitro no Vello, considerando a exportación a granel e embotella-

mento en destino, en tanto que os custos se mo-  
ven entre os 107 e os 112 dólares americanos por  
hectolitro, o que permite un ingreso neto prome-  
dio de 85 dólares americanos por hectolitro.  
Algúns cálculos preliminares efectuados situaban  
volumes de vendas posibles nunha orde financei-  
ra superior ós 20 millóns de dólares de ingreso  
neto nos próximos anos.

Actualmente, estase traballando dentro do es-  
quema de empresas mixtas con vista a crear unha  
organización productiva e comercial que sexa ca-  
paz de supera-los puntos de estrangulamento que  
afectaron os nosos propósitos exportadores neste  
sector.

## 6. INCIDENCIA NAS FINANZAS IN- TERNAS

No plano financeiro interno, as producións  
provenientes da industria cárnica, láctea, muiñeira  
e bebidas e licores, constitúen unha importante  
fonte de recadación de circulante por vía do im-  
posto de circulación.

Tomando como referencia o período 1989-  
-1991, é posible constata-la elevada participación  
dos productos alimenticios, as bebidas e os pro-  
ductos da industria tabaqueira neste concepto de  
recadación fiscal.

Os tres grupos fornecen preto do 70% do to-  
tal recadado polo país nestes tres anos.

Especificamente, os produtos cárnicos, lác-  
teos e da rama muiñeira, refrescos e bebidas al-  
cohólicas alcanzan un importe de 1400 millóns de  
pesos, equivalente a un 28% do total nacional  
entre 1989-1990 e a un 35% en 1991 (táboa 17).

## 7. CONCLUSIÓNS

O proceso de desenvolvemento económico  
levado a cabo polo Estado revolucionario signifi-  
cou a aplicación de cuantiosos recursos materiais  
e humanos con este obxectivo ó longo de tres  
décadas, lográndose algúns resultados que poden  
ser cualificados de moderados en relación coas  
magnitudes investidas.

Factores esóxenos e endóxenos estiveron pre-  
sentes en distintos momentos, impedindo a conse-  
cución dunha maior eficiencia e unha fonda trans-  
formación da estructura económica.

No caso específico do sector industrial ponse  
de manifesto a tendencia antes citada. A pesar dos  
os inxentes recursos destinados a este sector, a

estructura ramal experimentou moi pouca modi-  
ficación nos últimos anos, sendo as ramas azu-  
creira, alimentaria e de bebidas e tabaco xerado-  
ras do 50% do producto bruto industrial, corres-  
pondéndolle a estas dúas últimas o 17% do PSG  
ata 1989.

	1989	1990	1991
Azucré	228,9	225,1	156,8
Ovos	82,9	158,3	174,4
Carnes	19,9	30,0	69,9
Lácteos	88,9	82,2	84,2
Pan, galletas e doces	121,7	124,8	116,2
Outros prod. alimenticios	497,4	481,8	434,9
Refrescos	61,2	59,2	61,6
<i>Subtotal de alimentos</i>	<i>1100,4</i>	<i>1161,4</i>	<i>1089,0</i>
Bebidas alcohólicas	730,2	726,3	792,5
Cervezas e maltas	432,1	405,4	342,5
<i>Subtotal bebidas alcohólicas</i>	<i>1162,3</i>	<i>1131,7</i>	<i>1135,0</i>
Tabacos	58,5	60,1	60,5
Cigarros	722,4	765,6	646,3
Fósforos	16,8	13,2	8,4
<i>Subtotal tabaco e fósforos</i>	<i>797,7</i>	<i>838,9</i>	<i>715,2</i>
Mercado paralelo alimentos	272,3	274,4	
<i>Subtotal beb., alim. e tabacos</i>	<i>3332,7</i>	<i>3406,4</i>	<i>2948,2</i>
Total nacional	5138,2	5017,1	3978,6
% Beb. Alim. E tab./Total nac.	65	68	74

FONTE: Elaboración propia a partir do *Anuario Estadístico de Cuba*.

Táboa 17.- Imposto de circulación (en millóns de pesos)

O grupo industrial alimentario do país conta  
con capacidades ociosas susceptibles de explotar  
nesa escala superior de dispoñerse dunha maior  
oferta agropecuaria, que foi a principal limitación  
no aproveitamento das instalacións vinculadas ás  
industrias lácteas e cárnicas. No caso da rama de  
bebidas, as limitacións derivan do descenso das  
importacións de materias primas na producción  
de cervezas e entregas de meles na de rons.

Nas actuais circunstancias nas que ten que  
desempeñarse a economía nacional, caracterizada

entre outros problemas por unha aguda crise alimentaria e fortes desbalances financeiros externos e internos, a recuperación do complexo agro-industrial e a reversión da tendencia decreciente do seu nivel de actividade adquire unha importancia estratéxica.

Para logra-los anteriores propósitos, será preciso aplicar diferentes medidas organizativas e económicas de maneira coherente a curto prazo, que incentiven tanto a productores agropecuarios como ó resto dos elos do complexo agroindustrial alimentario.

Algunhas destas medidas atópanse en vías de implementación, por exemplo, a transformación da forma de propiedade agraria, a creación de empresas mixtas orientadas á exportación e outras accións cuns resultados que comezan a percibirse áinda de forma tenue, pero que permite delinear un camiño a seguir.

Especificamente naquelas producións substitutivas de importacións como, por exemplo, as cárnica e o leite, entre outras, podería examinarse a conveniencia de aplicar estímulos en divisas ós participantes directos no proceso de producción, sempre que o resultado económico final sexa favorable.

No caso particular das diferentes ramas da agroindustria alimentaria onde se aprecian significativos índices de subutilización de capacidades, resultaría conveniente estudiar un posible redimensionamento delas acorde coas posibilidades efectivas do seu aproveitamento no curto prazo, a fin de maximiza-la eficiencia, operando naque-las fábricas que garantan un mellor resultado económico sempre que iso sexa posible.

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, E. (1980): "La economía cubana en los ochenta", *Economía y Desarrollo*, N. 82. Cuba.
- BANCO NACIONAL DE CUBA (1957-1963): *Economía cubana*. Cuba.
- COMITÉ ESTATAL DE ESTADÍSTICA (varios anos): *Anuario estadístico de Cuba*. Cuba.
- COMITÉ ESTATAL DE ESTADÍSTICA (1990): *Consumo per cápita de alimentos*. Cuba.
- FERNÁNDEZ, P.; NOVA, A. E OUTROS (1993): *Propuesta de medidas para el incremento de la producción agropecuaria de alimentos*. [Informe de investigación]. Cuba.
- FIGUERAS, M. (1991): *La industrialización en Cuba*. Cuba: Junta Central de Planificación.
- HERNÁNDEZ, A. E OUTROS (1990): "Análisis de la economía cubana a partir de los complejos económicos productivos", *Taller Científico: Eficiencia y Planificación*. Cuba.
- MARCOS, M. (1987): "Algunos aspectos de las condiciones de vida del cubano antes del triunfo de la Revolución", *Demandas*, N. 2. Cuba.
- MINISTERIO DE SALUD PÚBLICA (1987): *Proyecto del Programa Nacional de Alimentación y Nutrición*. Cuba: MINSAP.
- PRORRATA, C. E OUTROS (1990): *Recomendaciones nutricionales para la población cubana*. Cuba: Instituto de Nutrición e Higiene de los Alimentos.
- RODRÍGUEZ, J.L. (1993): *La situación actual de la economía cubana*. [Conferencia ofrecida polo Ministro de Finanzas o 17 de marzo de 1993]. Cuba.